



**ACTA MESA XERAL NEGOCIACIÓN COLECTIVA**  
**SESIÓN ORDINARIA 13.10.2020**

Mediante a aplicación WEBEX, da que se enviou o correspondente enlace aos membros legais integrantes, iníciase a reunión da Mesa Xeral de Negociación Colectiva sendo as doce horas e dez minutos do día trece de outubro do ano dous mil vinte. Preside **D<sup>a</sup> ELENA ESPINOSA MANGANA**, concelleira-delegada de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal por Resolución de Alcaldía de data 18.06.19, e actúa como secretaria **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña**, secretaria do Goberno Local, segundo a orde do día fixada pola Presidencia. As persoas integrantes da Mesa que participan mediante videoconferencia son as que a seguir se relacionan:

**PRESIDENTE DO COMITÉ DE PERSOAL**

- D. Pergentino Martínez Pampillón

**COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)**

- D.Enrique Alonso Rodríguez

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**

- D<sup>a</sup> Iolanda Alonso Regueiro. Juan Carlos Rodríguez

**SINDICATO IND. DO CONCELLO DE VIGO (SICO)**

- D. Abraham González Acea

Asiste tamén, de conformidade cos "*Criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación no Concello de Vigo*", aprobados en Xunta de Goberno Local, sesión do 04/12/2015:

**XEFA DE ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN**

- D<sup>a</sup> María Dapena Gómez

**TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN RR HH**

- D. Ezequiel Fernández Carpintero

Mesa Xeral de Negociación-Sesión ordinaria 13/10/2020-Expte. 36477/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 36477/220

Data impresión: 20/10/2020 11:29

Páxina 1 de 6

CSV: 29E787-342155-A2C4DA-L94SXV-DKH91W-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



## Concello de Vigo

Expte. 36477/220

Asiste tamén o interventor xeral municipal, D. Alberto Escariz Couso e o tesoureiro municipal e director superior contable e orzamentario, D. Luís García Álvarez.

A Presidencia inicia a reunión da Mesa Xeral de Negociación sesión extraordinaria do día 13 de outubro para o tratamento do punto único da orde do día de anteproxecto do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais 2021 indicándolle á Secretaria, Sra. Campos Acuña, que confirme as persoas que están conectadas para a realización da sesión mediante videoconferencia.

### **PUNTO ÚNICO.-ANTEPROXECTO DO CAPÍTULO I DE GASTOS DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2021.**

**A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA:** Inicia o debate indicando que na reunión anterior se manifestara que non se podía consultar a documentación, pero esta foi entregada nun primeiro momento o día 7 de outubro e o mesmo día 9 fíxose unha segunda entrega polo que pasou o tempo suficiente para poder asumir o debate e a negociación do Capítulo I de gastos dos Orzamentos para o exercicio 2021.

**SR. GONZÁLEZ ACEA (SICO):** Pola súa parte indica que a Presidencia está dando por válida a convocatoria da sesión anterior, pero coida que non foi así, como tamén pensa que a presente reunión tampouco é válida por tempo, por prazos e porque, entende que habería que votar a urxencia da convocatoria.

**A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA:** Na pasada reunión a Secretaria da Mesa xa informou que se cumprían os requisitos da convocatoria da sesión en tempo e forma. Daquela deuse unha confusión porque unha cousa é unha sesión extraordinaria e outra unha sesión extraordinaria e urxente.

**SR. GONZÁLEZ ACEA (SICO):** Remítase ao xa expresado na anterior reunión da Mesa, coida que non se convocou en tempo e forma e, independentemente diso, teríase que ter votado a urxencia da sesión. Tampouco se cumpriron os prazos para ver a documentación dado que esta se remitiu o venres a última hora e como o sábado e o domingo non son días hábiles e o luns ao seren festivo tampouco o é polo que non dispuxeron do suficiente tempo para o seu exame.

**A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA:** Na reunión anterior quedou claramente explicado que se cumprían as preceptivas condicións, pero novamente lle pide á Secretaria da Mesa que informe xuridicamente.

**SRA. CAMPOS ACUÑA (Secretaria):** As sesións da Mesa réxense tamén polas normas de aplicación aos órganos colexiados do ámbito local, que se seguiron eses parámetros para a formulación dos Criterios da Mesa de Negociación aprobados pola Xunta de Goberno Local

Mesa Xeral de Negociación-Sesión ordinaria 13/10/2020-Expte. 36477/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2020 11:29

Páxina 2 de 6

Expediente 36477/220

CSV: 29E787-342155-A2C4DA-L94SXV-DKH91W-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



## Concello de Vigo

Expte. 36477/220

que, como lembra, se modificaron precisamente neste punto, se distinguen por ter unha tripla natureza, en primeiro lugar sesións ordinarias que se establecen con cinco días de antelación coa formación dunha orde do día, as sesións extraordinarias que se convocan cunha determinada antelación e as sesións extraordinarias e urxentes que requiren a súa validación, por o dicir dalgún xeito, polo curto prazo de convocatoria que ás veces pode ser inminente, vese con relativa frecuencia nas propias reunións da Xunta de Goberno que se convocan ás veces con media hora, con quince minutos de antelación..., de aí que efectivamente levan no seu primeiro punto da orde do día a ratificación da urxencia para tratar os asuntos. Non é este o caso posto, que se trata dunha sesión extraordinaria que foi a que se convocou e logo se realizou o venres pasado tal e como indica a Presidenta desta Mesa.

**SRA. ALONSO REGUEIRA (CIG):** Pide a palabra para se dirixir á Secretaria e lle dicir que concorda co que acaba de explicar, pero di que tamén é certo que nos Criterios de negociación do Concello se especifica que só hai dous tipos de sesións: ordinarias e extraordinarias. Neste sentido, dende o sindicato CIG estamos de acordo cos nosos compañeiros, coidamos que hai que votar a urxencia e xustificala porque todas as convocatorias de sesións extraordinarias son tamén urxentes. Por outra banda e con respecto a esta convocatoria, é certo que se realizou con menos de vinte e catro horas de antelación porque eu tamén me decatei dela o venres ás catro da tarde, e hoxe é martes doce da mañá.

Tamén quere facer unha puntualización en canto ao tempo suficiente para estudar a documentación, e coida que non o houbo porque en realidade só se contou cos días 8 e 9 para eses efectos. Os Orzamentos do Concello son unha norma o suficientemente importante como para ter o suficiente tempo de estudar e completar a documentación. Segue explicando que estivo vendo onte pola tarde, que foi festivo, a documentación un pouco polo ar, cando lle gustaría poder consultar con algún técnico sobre algún expediente, pero non o puido facer.

**A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA:** Insiste en que non reiterará máis o que comentou con anterioridade sobre o tipo de convocatoria que se realizou, que se fixo en tempo e forma. Pero o que si é certo é que a actual convocatoria se fixo con pouca antelación, con menos de 24 horas hábiles, pero foi por cuestión de axenda. Quere suliñar que hai vontade pola súa parte de seguir negociando e a partir de agora será cousas dos sindicatos se queren seguir negociando ou non. Insiste en que a convocatoria se fixo así porque realmente se quere avanzar na negociación. Xa na anterior reunión se comentou que non tiña por que ser unha única sesión, tamén que se realizarían reunións específicas con respecto ao Fondo de Adecuación e á Oferta Pública de Emprego, pero lle gustaría saber si por parte dos sindicatos se continúa coa reunión ou non.

**SRA. ALONSO REGUEIRA (CIG):** Por parte do sindicato CIG hai vontade de estudar e negociar os orzamentos, pero non temos tempo para o facer e ter polo tanto unha visión de se estes orzamentos teñen lugar para algún tipo de modificación.

De todos os xeitos pensa que negociar cos sindicatos na Mesa de Negociación o Capítulo I non é algo extraordinario, senón que pola contra é algo ordinario que se realiza todos os anos. Non entende porque se fan as convocatorias de xeito extraordinario e tampouco por que non teñen tempo para estudar a documentación.

**A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA:** Tamén pregunta que se dende que se remitiu a documentación o día 7 se realizou algunha chamada aos técnicos para lles preguntar ou consultar algunha dúbida.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión ordinaria 13/10/2020-Expte. 36477/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2020 11:29

Páxina 3 de 6

Expediente 36477/220

CSV: 29E787-342155-A2C4DA-L94SXV-DKH91W-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



## Concello de Vigo

Expte. 36477/220

**SRA. ALONSO REGUEIRA (CIG):** Insiste en que pola súa parte, puido ver a documentación o día de onte pola tarde e segue explicando que non estivo na Mesa de Negociación anterior e que en canto ao sindicato CIG, foi a única persoa que puido asistir á presente reunión da Mesa por mor da presa. Onte pola tarde, en troques de saír co seu fillo, tivo que quedar na casa a estudar a documentación; non tivo outro tempo.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Como Presidente do Comité e sen entrar de novo no debate da convocatoria da reunión anterior, quere saber, porque así llo preguntaron dende algún sindicato, se nesta actual reunión é necesario ou non votar a urxencia. Pide que se a Secretaria da Mesa lle pode responder porque aínda non lle quedou clara esta cuestión.

**SRA. CAMPOS ACUÑA (Secretaria):** Voltando á analoxía co funcionamento dos órganos colexiados locais, cuxa normativa se aplica con carácter supletorio ao funcionamento das reunións da Mesa de Negociación (neste momento diríxese á Sra. Alonso Regueira para lle indicar que daí ven o equívoco no que están co tema das sesións), se se tratase dunha sesión extraordinaria e urxente, o primeiro punto da orde do día tería que ser a ratificación da urxencia. Coida que todos os presentes tiveron a ocasión de consultar a orde do día e se decataron de que ese punto non se atopaba incluído porque a natureza da sesión era extraordinaria, que non extraordinaria e urxente.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Pregunta se se pode convocar unha sesión extraordinaria con menos de 24 horas.

**A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA:** Xa fixo o comentario a este respecto con anterioridade. A presente reunión convocouse coida que con 23 horas e se hai boa vontade poderemos seguir adiante coa negociación, pero se por unha hora non se quere negociar, na súa opinión persoal é que a vontade de negociar por parte dos sindicatos pode ser discutible. Xa houbo outra reunión que non puido ir adiante que si estaba convocada en tempo e forma e coido que tamén haille que facilitar as cousas aos compañeiros, neste caso os de Intervención e Contabilidade e Orzamentos, para que poidan seguir adiante co seu labor tendo en conta que nestes momentos teñen unha carga de traballo moi importante; tamén é a obriga de todos e todas axudalos porque son compañeiros de todos nós.

**SR. ALONSO RODRÍGUEZ (CC OO):** Considera que si teñen esa vontade de negociación porque efectivamente os convocan, pero os medios non aparecen por ningures. Se asisten á reunión non é porque quen os convoca lles facilita os medios, porque é pola súa parte que teñen que andar pedindo en Alcaldía e noutras partes que lles faciliten a sala. Na reunión anterior apareceron ordenadores a última hora, ordenadores moi deficientes pero, repite, que son eles os que teñen que buscar os medios. Pola parte sindical solicitáronse medios, en concreto o que se refire a CC OO o fixo o 8 de xullo, para asistir ás reunións telemáticas e ata o día de hoxe non se lles facilitaron. Os ordenadores que nos deixaron o xoves para a reunión os tivemos que devolver case ao momento porque eran para os cativos que non teñen medios. Non se nos están facilitando os medios necesarios.

**A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA:** Ese tema non está na orde do día, pero o que si está claro é que todos dispoñen de móbiles corporativos cos que se poden conectar.

**SR. ALONSO RODRÍGUEZ (CC OO):** Puntualiza que el non o ten móbil corporativo.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión ordinaria 13/10/2020-Expte. 36477/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2020 11:29

Páxina 4 de 6

Expediente 36477/220

CSV: 29E787-342155-A2C4DA-L94SXX-DKH91W-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



## Concello de Vigo

Expte. 36477/220

**A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA:** Informarase novamente con Administración Electrónica sobre ese extremo pero, insiste en que este asunto non figura na orde do día.

**SR. ALONSO RODRÍGUEZ (CC OO):** Guste ou non, a reunión de hoxe está convocada con menos de 24 horas de antelación, pero dende a parte do Concello se dá por feito que nós asumimos eses prazos. Directamente é un tema de formas porque se fai unha imposición.

**A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA:** Realizouse unha reunión anterior e precisamente quen a abandonou, entre outros, foron os representantes de CC OO, cando os demais estivemos presentes. Cada quen é responsable das formas que ten. Coida que abandonar unha reunión da Mesa convocada en tempo e forma non é achacable á outra parte, cada quen debe asumir a súa responsabilidade. A seguir dálle a palabra ao Sr. González Acea (SICO).

**SR. GONZÁLEZ ACEA (SICO):** Solicita que conste en acta que pola súa parte consideranque a anterior reunión non foi convocada en tempo e forma, e a de hoxe, tampouco porque ás tres da tarde nos sindicatos xa está rematada a xornada laboral polo que xa non hai que ver o correo ata hoxe pola mañá, ata as 8:30 horas da mañá.

**A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA:** Para non seguir coas reiteracións, pregunta se queren que se continúe coa reunión.

**SRA- ALONSO REGUEIRO (CIG):** Pola parte da CIG, se pola Presidencia se xustifica a urxencia desta reunión non haberá inconveniente en continuar con ela.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Pola súa parte se pode continuar porque hai que avanzar na negociación, pero coincide coa Sra. Alonso Regueiro na necesidade da xustificación.

**A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA:** Sen embargo dende a Secretaría da Mesa se dixo que non hai que xustificar a urxencia porque é unha reunión extraordinaria.

**SR. ALONSO RODRÍGUEZ (CC OO):** Incide en que segundo o regulamento se a convocatoria se fai con menos de 24 horas hai que xustificar a urxencia. Non é tan complicado hai que cumprir o regulamento; é máis, non se pode abrir o expediente que se remitiu porque a validez que ten é de 48 horas e hoxe xa non se pode acceder a el.

**A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA:** Non se poden realizar reunións nas que o único que se dá son “peros” por parte dos sindicatos. Dá por rematada a reunión e quere que conste en acta a vontade do Concello de negociar o Capítulo I, intentouse o outro día na pasada reunión e intentouse hoxe novamente, pero non podemos seguir máis de media hora falando do mesmo cando a Secretaria na Mesa anterior deu unha explicación clara, a Secretaria que está nesta Mesa de Negociación deu tamén unha explicación clara e só pola parte sindical hai obxeccións de que non hai medios, de que non se poden abrir os expedientes, cousa que me estraña moito que se agarde ata o día de hoxe para comunicar estas incidencias. A vontade negociadora continuará e farase efectiva na seguinte reunión que se convoca que será sobre o Fondo de Adecuación. Agardo polo tanto colaboración por parte de todos e de todas porque pola parte do Concello si haberá. Agradece a todos e todas a súa asistencia.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión ordinaria 13/10/2020-Expte. 36477/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2020 11:29 Páxina 5 de 6

Expediente 36477/220

CSV: 29E787-342155-A2C4DA-L94SXV-DKH91W-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



## Concello de Vigo

Expte. 36477/220

**SR. GONZÁLEZ ACEA (SICO):** Solicita que tamén conste en acta a vontade negociadora pola parte do SICO , independentemente de que non conten cos medios suficientes para levar a cabo o seu traballo.

**SRA. DAPENA GÓMEZ:** Informa para os efectos oportunos da realización da reunión e para que conste en acta que a convocatoria para esta Mesa foi enviada dentro da xornada laboral do pasado venres ás 14:30 horas.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión da Mexa Xeral de Negociación Colectiva, sesión extraordinaria do trece de outubro do ano dous mil vinte, sendo as doce horas e trinta e cinco minutos. Do que eu, secretaria, dou fe, co visto e prace da Presidenta, concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.

SGF/rs.

Data e sinatura dixital.

A SECRETARIA-Mª CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA

Vº e Pr.: PRESIDENTA-ELENA ESPINOSA MANGANA.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión ordinaria 13/10/2020-Expte. 36477/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2020 11:29

Páxina 6 de 6

Expediente 36477/220

CSV: 29E787-342155-A2C4DA-L94SXV-DKH91W-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>